

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG núm. 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dona Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, nomeada polo Decreto 67/2018, do 21 de xuño (DOG número 123, do 28 de xuño), e no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega e o Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG número 150, do 5 de agosto).

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón da lingua. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponde á Consellería de Cultura, Educación e



Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.
3. Que o Consello da Cultura Galega se crea pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, como un ente estatutario con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Ten carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, e compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Está composto por representantes de entidades e personalidades sobranceiras dos diversos campos da cultura galega.
4. Que entre os seus obxectivos figura a consideración da realidade cultural dende unha perspectiva integradora, a recuperación da cultura propia aberta ao diálogo coas outras culturas da humanidade e, especialmente, coas do noso contorno. Entre as súas competencias figuran, entre outras, fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego, entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.
5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consello da Cultura Galega consideran necesario levar a cabo accións en materia de normalización lingüística, e por iso manifestan a súa vontade de colaborar mediante a sinatura dun convenio de colaboración durante o ano 2021 para desenvolver un programa de actuacións dirixidas a promover e fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais.



Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consello da Cultura Galega para colaborar na realización das actuacións de normalización lingüística que se describen na estipulación segunda deste convenio.

Segunda.- Obrigas do Consello da Cultura Galega

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio o Consello da Cultura Galega, asumirá a realización das seguintes actuacións:

- Organización dos XXIII Encontros para a Normalización Lingüística, que analizarán os procesos de transmisión interxeracional da lingua galega, atendendo principalmente ao caso da transmisión na poboación nova
- Organización do III Ciclo de cinema galego-portugués, coa proxección de películas e celebración de coloquios sobre as temáticas: muller, patrimonio e sociedade.
- Actividades de divulgación e difusión da ciencia en galego, mediante a tradución de obras básicas da ciencia ao galego, como *Xogando co infinito* de Rózsa Péter
- Elaboración dun informe sobre a demanda de produtos culturais e educativos orientados á infancia en Galicia.
- Catalogación e dixitalización de contidos creados nas campañas de promoción para a utilización do galego e a súa difusión en rede.



O Consello da Cultura Galega comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

Terceira.- Financiamento

O orzamento das actividades que se van desenvolver con cargo a este convenio ascende a un total de **36.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade máxima de **24.000,00 €** con cargo a partida 10.50.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2021.

A dita cantidade destinarase a ampliar o crédito do Consello da Cultura Galega na aplicación 03.01.111D.640.0 modificación que será instrumentada pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

- O Consello da Cultura Galega achegará a cantidade restante de **12.000,00 €**, con cargo á aplicación 03.01.111D.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2021.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos,



publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Cuarta.- Xustificación

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

O Consello da Cultura Galega realizará todas as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio e presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro 2021, á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa dos traballos realizados e relación detallada dos gastos para a consecución do obxecto do convenio, que terá que ser aceptada de conformidade pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

Quinta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.



O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Sexta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Sétima .- Difusión da colaboración das partes

En todas as publicacións editadas ao abeiro deste convenio deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo aprobado pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.



Novena.- Comisión de Seguimento

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Esta comisión estará constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes do Consello da Cultura Galega e actuará como presidente un dos representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo segunda.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo terceira.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,



adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo,



supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O Conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

A presidenta do Consello da
Cultura Galega

Román Rodríguez González

Rosario Álvarez Blanco

